



CONCELLO DE LALÍN
www.lalin.gal

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE LALÍN E A ASOCIACIÓN PARA A PROTECCIÓN DE ANCIÁNS DE LALÍN E COMARCA (APALC) PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA ACTIVATE (ASESORAMENTO E ATENCIÓN INTEGRAL DA PERSOA CON ALZHEÍMER E O SEU COIDADOR) NO CONCELLO DE LALÍN.

Lalín a 18 de setembro de 2018

REUNIDOS

Dunha parte, D. Rafael Cuíña Aparicio Alcalde do Concello de Lalín designado na sesión do Pleno da Corporación do 13 de xuño de 2015 na súa condición de alcalde de acordo co artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, en representación do Concello de Lalín.

E doutra D. Julio Benigno López Rodríguez, con DNI 34217811K, en calidade de Presidente da Asociación para a Protección de Anciáns de Lalín e a súa Comarca (APALC) con CIF G36022762 e domicilio na Rúa D, nº 17 segundo o disposto no artigo 32 dos seus Estatutos.

Ambas partes, recoñécense mutuamente a capacidade legal, lexitimidade, suficiencia e vixencia das súas respectivas facultades para subscribir o presente convenio e na súa virtude,

MANIFESTAN

PRIMEIRO.- O Concello de Lalín, de acordo ao artigo 25.2.e da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da administración local, ten competencias en materia de avaliación e información de situacións de necesidade social e atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.



Concello de Lalín

Praza de Galicia, 1, Lalín. 36500 Pontevedra. Tfno. 986787060. Fax: 986780638



CONCELLO DE LALÍN
www.lalin.gal

SEGUNDO.- O envellecemento da poboación trae como consecuencia o aumento da esperanza de vida, novos estilos de vida e un maior nivel de dependencia. Esta constitúe un dos maiores retos das políticas sociais, as cales buscan un benestar como valor alcanzable mediante a coordinación e consecución de obxectivos das políticas sociais. Dependencia non é sinónimo de vellez senón que é un factor multicausal no que poden intervir factores biolóxicos físicos, psicolóxicos e contextuais. Unha das enfermidades con un grao elevado de dependencia, no que interveñen varios factores é a enfermidade de alzhéimer.

TERCEIRO.- A Lei 13/2008 de servizos sociais de Galicia no seu artigo 60 dentro do título VII denominado “Da atribución de competencias” regula a competencia dos concellos en servizos sociais, establecendo no 60.1 apartado b) a competencia:

“a creación, a xestión, e o mantemento dos servizos sociais comunitarios inespecíficos, sen prexuízo do establecido no artigo 59 i)”



Entendendo por funcións dos servizos sociais comunitarios específicos, entre outras, a programas e actividades para previr a exclusión de grupos vulnerables de características homoxéneas e facilitar a súa inserción e normalización social.

CUARTO.- Que de acordo co artigo 3.3.b) da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013 este convenio non se entende como exercicio de unha nova competencia posto que supón a continuidade de actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores .

QUINTO.- Que se entende queda debidamente acreditado o interese ou finalidade pública da axuda que, en virtude deste Convenio, aporta o Concello de Lalín ao abeiro da Base 27 de Execución do Orzamento do Concello de Lalín prorrogado para o ano 2018. Así, atendendo ao interese do obxecto do presente convenio, o orzamento do Concello de Lalín para o exercicio 2017, prorrogado para o ano 2018 foi modificado e dotouse a partida 231.489.31 cunha subvención nominativa para a Asociación para a Protección de Anciáns de Lalín e a súa Comarca (APALC)





CONCELLO DE LALÍN
www.lalin.gal

SEXTO.- Que a Asociación para a Protección de Anciáns de Lalín e a súa Comarca (APALC) é unha entidade sen ánimo de lucro, declarada de interese social e utilidade pública inscrita no rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais. De acordo co artigo 2 dos seus Estatutos son fins da entidade: a protección e fomento de actividades relacionadas coa atención de persoas maiores; persoas con discapacidade así como a atención a outros colectivos, familias ou persoas en situación e/ou marxinación social.

SÉTIMO.- Que a Asociación para a Protección de Anciáns de Lalín e a súa Comarca (APALC) manifesta a vontade de colaborar co Concello de Lalín no desenvolvemento do proxecto ACTÍVATE : asesoramento e atención integral da persoa con Alzheimer e o seu cuidador.

OITAVO.- Que o Concello de Lalín ten competencias para subscribir convenio coa entidade APALC en virtude do artigo 47.2.c) da Lei 40/2015, do 1 de outubro do Réxime Xurídico do Sector Público

O Concello de Lalín, buscará liñas de cooperación coas distintas entidades sociais e desenvolverá os programas necesarios para a intervención integral das persoas con Alzheimer e outras demencias así como coas súas familias . No mesmo senso o Concello de Lalín, a través da Concellería de Benestar Social, buscará a coordinación efectiva cos distintos sistemas de benestar e protección social que actúen no noso territorio, así como coas entidades de iniciativa social autorizadas que poidan complementar a nosa actuación.

En virtude do exposto, e no exercicio das competencias que lles son propias, as partes que interveñen están interesadas en establecer o presente convenio que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto.

O presente Convenio ten por obxecto regular a colaboración do Concello de Lalín coa Asociación para a Protección de Anciáns de Lalín e a súa Comarca (APALC) para o desenvolvemento do proxecto **ACTÍVATE : asesoramento e atención integral da**

Concello de Lalín

Praza de Galicia, 1, Lalín. 36500 Pontevedra. Tfno. 986787060. Fax: 986780638



CONCELLO DE LALÍN
www.lalin.gal

persoa con Alzheimer e o/a seu/súa coidador/a, coa finalidade de favorecer o mantemento duns niveis aceptables de autonomía da persoa con Alzheimer así como aportar ferramentas aos familiares que convivan con estas persoas cunha maior calidade de vida.

SEGUNDA.- Normativa.

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.
- Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia.
- Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.



- Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.
- Base 27 de Execución do Orzamento do Concello de Lalín para o ano 2017, prorrogado para o ano 2018.
- Liña 3 do Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Lalín para o ano 2017, prorrogado para o ano 2018.

TERCEIRA.- Contido do programa e actuacións a desenvolver.

Este convenio servirá para desenvolver un programa de actuacións con persoas con enfermidade de Alzheimer e que consistirán en:

1. **Activade.-** xornada inicial de presentación do proxecto.
2. **Coñecéndonos.-** valoración inicial físico/funcional e valoración inicial cognitiva da persoa usuaria así como valoración inicial da persoa coidadora.
3. **Activa a túa mente: obradoiro de memoria** poñendo en marcha unha serie de técnicas de psicoestimulación.
4. **Activa o teu corpo: obradoiro de actividade física** desenvolvendo sesións de tratamento do corpo dende distintas áreas ou momentos levando a cabo diferentes exercicios.





CONCELLO DE LALÍN
www.lalin.gal

5. **Conta con APALC** : información, asesoramento e atención á persoa usuaria e/ou coidador/a, a petición das mesmas.
6. **Avaliando**: seguimentos e avaliación final
7. **ACTIVA - DOS** : xornada final ofrecendo unha evolución do proxecto e realización de un coloquio aberto á participación de usuarios/as e coidadores/as.

Como Anexo I do convenio figura a memoria íntegra de actividades presentada pola asociación APALC.

Estas actuacións teñen como fins específicos, entre outros, estimular e adestrar as actividades da vida diaria para manter o maior grao de autonomía posible nas persoas enfermas, minorar o deterioro cognitivo, proporcionar un tempo de respiro aos/ás coidadores/as e proporcionar estratexias de intervención e afrontamento axeitadas segundo a fase da enfermidade.

Consideranse gastos subvencionables **aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada (proxecto activade) e resulten estritamente necesario**, tales como :

- Gastos de persoal e seguros sociais.
- Gastos de profesionais externos/as á propia entidades así como os importes da declaración e liquidación de retención e ingresos a conta sobre os rendementos de traballo e actividades económicas.
- Gastos de formación, cursos, obradoiros,..... prestados por empresas, profesionais,....alleos/as á entidade beneficiaria.
- Gastos por adquisición de material fungible de papelería e material non inventariable
- Gastos de reprografía, imprenta e publicidade.
- Gastos por compra de produtos alimenticios e refrixerios ata un máximo do 5% da subvención concedida.



CONCELLO DE LALÍN
www.lalin.gal

CUARTA.- Obrigas de APALC.

- Cumprimento do/s programa/s que se describen na cláusula anterior.
- Facilitar a actuación do persoal técnico do Concello no referente ao seguimento das actividades obxecto da axuda.
- Facer constar en todo tipo de publicidade e información que se realice en desenvolvemento deste programa, a participación e colaboración co Concello de Lalín.

- Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral do Concello de Lalín e/ou pola Concellería de Benestar, polo Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas función de fiscalización e control do destino das axudas obxecto do presente convenio.



QUINTA.- Obrigas do Concello de Lalín.

- Colaboración do persoal técnico do Concello con APALC.
- Entrega da cantidade á que fai referencia a cláusula sétima previa xustificación e presentación de documentación por parte da entidade APALC

SEXTA.- Natureza.

Este Convenio ten unha natureza puramente de colaboración, entendendo que as cantidades ás que o Concello de Lalín se compromete con APALC, son para cubrir gastos esenciais das actuacións a desenvolver no marco deste convenio, polo que non se pode referir a este convenio ningunha natureza laboral, mercantil, civil ou de calquera outra clase xurídica.

A subscripción do presente convenio non implicará relación laboral, ou de calquera outra natureza, entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as acción que constitúen o obxecto deste convenio co Concello de Lalín, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir ao Concello responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria.

Polo que APALC obrigase a ter suficientemente cuberto, coas pólizas e seguros que foran precisos, ao persoal que realice estas tarefas de colaboración, sen que o Concello teña ningunha obriga ao respecto, nin de aboar cantidade algunha para cubrir calquera risco.

Concello de Lalín



CONCELLO DE LALÍN
www.lalin.gal

SÉTIMA.- Financiamento e xustificación do gasto.

Para a realización das actuacións sinaladas na cláusula terceira o Concello de Lalín alcanzará no ano 2018 a cantidade de **CINCO MIL CENTO VINTE EUROS (5.120 €)** do orzamento municipal coa que está dotada a partida 231.489.31.

A cantidade a financiar polo Concello de Lalín á que se refire a cláusula anterior librarase logo de que APALC achegue a seguinte documentación:

1. Memoria das actividades desenvolvidas no marco deste Convenio.
2. Orzamento detallado de ingresos e gastos da actividade con expresión do seu financiamento.
3. Declaración responsable asinada polo/a Secretario/a da Asociación, na cal se determinará que se cumpren todos os requisitos determinados no artigo 13 da Lei 38/2003 para obter a condición de beneficiario/a e que dita Asociación non incorre en ningún suposto de incompatibilidade ou prohibición para a percepción de axudas públicas.
4. Certificado expedido polo/a Presidente/a relativo ao desenvolvemento das actividades polo que se acredite que a subvención foi destinada á finalidade para a que foi concedida, así como da obtención doutras subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados.

Xustificación do gasto **realizado durante a vixencia do convenio establecida na cláusula décima.- Facturas regulamentarias** (con tódolos requisitos esixidos polo Real Decreto 1619/ 2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación) ou documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico mercantil.

As facturas deberán cumprir cos seguintes requisitos:

- Deberán ser orixinais, expedidas pola empresa subministradora dos bens ou servizos. Admitiranse copias compulsadas polo propio Concello, non obstante antes de realizar as fotocopias e compulsas das mesmas estamparase nos xustificantes orixinais un selo coa seguinte lenda: “



Concello de Lalín

Praza de Galicia, 1, Lalín. 36500 Pontevedra. Tfno. 986787060. Fax: 986780638



CONCELLO DE LALÍN
www.lalin.gal

documentación presentada neste organismo a efectos de subvención". Asumirase compromiso de aportar os orixinais no momento que lle sexan requiridos. A factura deberá vir especificada en moeda local.

- Deberá constar na factura unha explicación do gasto. Se o xustificante non é o suficientemente claro neste aspecto, deberá ir acompañado de nota explicativa da que se deduza unha clara relación do gasto coa actividade subvencionada.
- Reflectirá os datos identificativos do expedidor (nome, apelidos, denominación ou razón social, NIF e domicilio).
- Reflectirá os datos identificativos do/a destinatario/a que deberá ser a entidade subvencionada (nome, apelidos, denominación ou razón social, NIF e domicilio).
- Incluirá unha descripción detallada e prezo unitario da operación e a súa contraprestación total, importe pagado e moeda. Deberá reflectirse o IVE correspondente ou imposto equivalente para o seu caso, que estea en vigor no país de emisión da factura. Cando a cota se repercute dentro do prezo deberá indicarse "IVE incluído".



- Xustificantes de pago das facturas utilizadas para a xustificación. So se admitirán como xustificantes os pagos realizados mediante transferencia bancaria, polo que ás facturas deberán acompañarse do correspondente xustificante de dita transferencia.
- No caso de que se teñan realizado pagos que conleven retención de IRPF deberán presentar o correspondente modelo xustificativo de ter realizado o ingreso de dita retención na Axencia Tributaria.
- Os pagos de persoal retribuído coa súa pertinente retención xustificárase a través de nóminas acompañadas dos Tcs e comprobante bancario de pagamento de ambos conceptos.



O gasto xustificado documentalmente deberá acadar, como mínimo, o importe de **5.120€**. De non xustificarse o total do orzamento de execución do Convenio por causa

Concello de Lalín



CONCELLO DE LALÍN
www.lalin.gal

imputable á Asociación para a Protección de Anciáns de Lalín e a súa Comarca (APALC) o Concello de Lalín minorará a súa achega proporcionalmente.

6. Declaración do conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas como pendentes de resolución, para a actividade obxecto deste Convenio.

7. Certificación de que a entidade beneficiaria se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.

A presentación da documentación farase, en todo caso, antes do 15 de decembro de 2018.

OITAVA.- Modificación do Convenio.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administración ou entes públicos ou privados, nacionais, internacionais, poderá dar lugar á modificación da contía da axuda contemplada no presente Convenio.

NOVENA.- Comisión de Seguimento.

Constitúese unha Comisión mixta de seguimento para a axeitada coordinación, avaliación e cumprimento do convenio.

Esta Comisión estará composta por :

Concello de Lalín :	Concelleiro de Benestar Social
	Persoal técnico da Concellería de Benestar Social
APALC:	Representante Legal ou persoa na que delegue.
	Persoal técnico de APALC

A Comisión terá as seguintes funcións:

1. Efectuar o seguimento do grao de cumprimento do obxecto do convenio.
2. Resolver as controversias que poidan xurdir na interpretación e cumprimento do convenio.





CONCELLO DE LALÍN
www.lalin.gal

DÉCIMA.- Duración.

O presente convenio estará vixente dende o 1 de xaneiro ata o 15 de decembro de 2018.

UNDÉCIMA.- Resolución.

Son causas de resolución do presente convenio e darán lugar non seu caso, ao reintegro das cantidades percibidas:

- Incumprimento total ou parcial das cláusulas establecidas no mesmo.
- A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas.
- Mutuo acordo.

DUODÉCIMA.- Responsabilidades e causas de reintegro.

Son causas de reintegro da subvención, xunto cos xuros de demora correspondentes desde o momento do seu pago, as establecidas no Título II da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións. APALC quedará sometida ás responsabilidades e réxime sancionador establecidos na Lei Xeral de Subvencións e na Lei Xeral Orzamentaria.

DÉCIMO TERCERA.- Réxime Xurídico.

O presente convenio ten carácter administrativo e as lagoas ou diverxencias que puideran apreciarse na aplicación do presente convenio interpretaranse e resolveranse motivadamente polo Concello de Lalín, previo diame non vinculante da comisión á que llea referencia a cláusula novena. Contra estas resolución e polo carácter administrativo deste convenio, poderanse interpor os oportunos recursos contencioso – administrativos. As cuestión litixiosas xurdidas da aplicación do presente Convenio, non resoltas en vía administrativa, serán resoltas pola Xurisdición Contencioso- Administrativa.

DÉCIMO CUARTA.- Protección de Datos de Carácter Persoal.

APALC comprométese a cumprir o Regulamento U.E. 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas

Concello de Lalín



CONCELLO DE LALÍN
www.lalin.gal

no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación de estes datos, a Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal e o Real Decreto 1720/2007, de 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei Orgánica.

CONCELLO DE LALÍN

O Sr. Alcalde

Rafael Guíña Aparicio



APALC


O Sr. Presidente

Julio Benigno López Rodríguez



Concello de Lalín

Praza de Galicia, 1, Lalín. 36500 Pontevedra. Tfno. 986787060. Fax: 986780638



ANEXO I

PROXECTO: “ACTÍVATE”

Asesoramento e atención integral da persoa con Alzheimer e o seu coidador

PRESENTACIÓN DA ENTIDADE

Nome: “Asociación para a Protección dos Anciáns de Lalín e a súa Comarca” (APALC)

CIF: G-36022762

Datos de contacto:

Dirección: Rúa D, nº 17. 36500 – Lalín (Pontevedra) *Teléfono:* 986 78 18 97

Fax: 986 78 70 43

Páxina web: www.asdoresresidencia.es

Facebook: <https://www.facebook.com/residencia.nosasenoradasdores.5>

QUEN SOMOS?

APALC (Asociación para a Protección dos Anciáns de Lalín e a súa Comarca), é unha entidade sen ánimo de lucro, declarada de interese social e de utilidade pública, inscrita no rexistro de entidades prestadoras de Servizos Sociais.

Nestes momentos, a Asociación xestiona a *Residencia As Dores*, unha residencia mixta para persoas maiores con 84 prazas (35 prazas privadas e 49 prazas concertadas coa Xunta de Galicia) e o *Centro de día As Dores*, con capacidade para 40 persoas.

Traballando para ser un centro de referencia en servizos asistenciais obtivo o certificado de calidade **ISO 9001** no ano 2011 e a **UNE 158101** no ano 2015.

A calidade é un dos piares fundamentais da nosa entidade, por iso, a base fundamental de APALC é a *especialización e profesionalidade* dentro dun proceso da mellora continua, polo que contamos cun equipo interdisciplinar altamente cualificado e formado na área xerontolóxica. (médico, enfermeiras, xerocultoras, fisioterapeuta, educadora social, psicóloga e traballadora social)

Contamos cun plan de voluntariado, trala inscrición como entidade de Acción Voluntaria de Galicia, desenvolvendo distintos proxectos nesa área.

FUNDAMENTACIÓN

Concello de Lalín

Praza de Galicia, 1, Lalín. 36500 Pontevedra. Tfno. 986787060. Fax: 986780638



A **enfermidade de Alzheimer (EA)** é una enfermidade neurodexenerativa que se manifesta como deterioro cognitivo e trastornos conductuais. Caracterízase na súa forma típica por una perda da memoria inmediata e doutras capacidades mentais (tales como as capacidades cognitivas superiores), a medida que morren as células nerviosas (neuronas) e se atrofan diferentes zonas do cerebro. A enfermidade soe ter unha duración media aproximada despois do diagnóstico de 10 anos, aínda que isto pode variar en proporción directa coa severidade da enfermidade no momento do diagnóstico.

A **OMS** define a enfermidade de **Alzheimer** como unha doenza dexenerativa cerebral primaria, de etioloxía descoñecida, que presenta síntomas neuropatolóxicos e neuroquímicos característicos. O trastorno iníciase, xeralmente, de forma insidiosa e lenta e evoluciona progresivamente durante un período de anos.

Este proxecto preséntase dende APALC, pretendendo responder á necesidade dunha visión, por unha parte das institucións en todos os seus estamentos pero por outra dos distintos profesionais que poden traballar co Alzheimer é outras demencias. A enfermidade de Alzheimer é unha das patoloxías onde máis se está investigando e investindo por todo o que supón ós distintos niveis das persoas que o padecen e todo o relacionado ca súa contorna. Non en vao, é unha das enfermidades máis mortais da nosa actualidade.

APALC, a través deste proxecto, quere colaborar co **Concello de Lalín** nun intento de incentivar a información, asesoramento, socialización, realización de actividade física e como non podía faltar tamén a nivel cognitivo xa que é o principal hándicap da enfermidade.

Ademais a Asociación, a través dos seus servizos de Residencia e Centro de día, conta cun grupo de profesionais altamente formados neste ámbito pero sobre todo cunha grande experiencia no sector, por levar varios anos traballando con este tipo de persoas. Ser un centro recoñecido na Comarca fai que sexa un nexo de unión inigualable entre o Concello e os usuarios/coiadores. Por outra parte a súa localización dentro do casco urbano faíno ideal para a realización das distintas actividades programadas xa sexan nas propias instalacións da Asociación (Residencia/Centro de día As Dores) ou noutras dependencias próximas.

OBXECTIVOS

Concello de Lalín

Xerais

- Favorecer o mantemento duns niveis aceptables de autonomía e calidade de vida na persoa con Alzheimer.
- Aportar ferramentas aos familiares para que convivan xunto a estas persoas cunha maior calidade de vida.

Específicos

- Ofrecer terapias de estimulación para potenciar as capacidades físicas, cognitivas e funcionais.
- Intervir no terreo emocional para previr estados de ánimo non desexados.
- Aplicar terapia conductual nos momentos de agresividade ou illamento.
- Estimular e adestrar as actividades da vida diaria para manter o maior grado de autonomía posible das persoas enfermas.
- Minorar na medida do posible as consecuencias que provoca esta enfermidade, como deterioro cognitivo, a perda tanto de memoria como de mobilidade ou as funcións motoras.
- Proporcionar un tempo de respiro no coidado destas persoas.
- Ensinar estratexias de intervención e afrontamento adecuadas a cada momento da enfermidade.
- Axudar ás familias a comprender a importancia no coidado dos enfermos.
- Informar e asesorar ás familias ofrecendo charlas formativas.

POBOACIÓN DESTINATARIA

O presente proxecto está destinado á persoas con enfermidade de Alzheimer en fase inicial e aos seus coidadores; podendo facerse extensible a outro tipo de demencia e/ou deterioro cognitivo tamén en fase inicial.

Establecerase un grupo máximo de 20 persoas para facilitar unha mellor acción terapéutica.

Preferentemente usuarios do Concello de Lalín, non vinculados á entidade en relación ao servizo de residencia e centro de día, agás que non se cubrira a totalidade das prazas, sendo neste caso viable a cobertura das mesmas por usuarios de APALC.

Realizarase unha coordinación interprofesional para chegar a maior poboación diana, a

Concello de Lalín



través dos Servizos Sociais do Concello de Lalín, do centro de saúde e calquera outro organismo que puidese ter constancia de posibles usuarios.

Tendo en conta, que o proxecto está destinado a persoas con Alzheimer en fase inicial ou outro tipo de demencia e/ou deterioro cognitivo tamén en fase inicial, un dos criterios de participación, e que o resultado, no Test de Lobo que se aplicará nas valoracións iniciais, sexa de deterioro cognitivo leve.

Por outra parte, no suposto de que a demanda sexa maior ao número de prazas o criterio de selección será único e exclusivo por orde de presentación e rexistro das solicitudes.

A NOSA TRAXECTORIA

A nosa entidade nos últimos anos desenvolveu diferentes tipos de proxectos, de características similares a este, entre os que podemos destacar:

“Obradoiro de estimulación cognitiva e adestramento de memoria”. Obradoiros dirixidos a persoas con perda de memoria asociadas á idade ou o con trastornos de memoria por alteracións neurolóxicas.

“Prevenção de enfermidades e mellora da calidade de vida”. Foron xornadas formativas, dirixidas ao colectivo de persoas maiores, para toma de concienciación e prevención de posibles enfermidades asociadas á idade, entre as que se atopaban as distintas demencias.

“Un relato de vida: Recordando o pasado, reconstruíndo o futuro”. Recollida e reconstrución das historias de vida dos nosos usuarios traballando memoria a corto e largo prazo.

“Traballando os recordos”. Traballo de reminiscencia dos recordos e experiencias dos usuarios.

“Un relato de vida: Recordando polos nosos”. Terapia familiar onde se, ofrece un papel primordial ao coizador dos nosos usuarios con demencia avanzada, traballando e elaborando as historia de vida.

“Atención a demencias e Alzheimer”. Proxecto de intervención directa co usuario con demencia e, entre elas especificamente a de Alzheimer.

“Coidamos a túa mente”. Proxecto dirixido á persoas con demencia e aos seus coizadores.

Por último, destacar un proxecto que se mantén en activo desde novembro de 2016, que




non é de características similares ao actual pero repercute directamente no mesmo. É o proxecto “**Unha Empresa Saudable**” a través do cal se pretende coidar a saúde e o benestar dos traballadores de APALC, a través de distintos programas de actividades, tales como control de factores de risco para a saúde (tensión, peso, glucemia...), alimentación saudable no propio centro (máquina expendedora con alimentos saudables, froita e auga fresca a disposición dos empregados...) e actividades físicas ou rehabilitadoras (pilates e diagnóstico e/ou tratamento de fisioterapia...). Estas actividades redundan no traballo e na calidade dos servizos prestados desde a Asociación. Por este proxecto recibimos un recoñecemento na V Edición dos Premios Escolástico Zaldívar.

ACTIVIDADES A DESENVOLVER

1. ACTÍVATE: Xornada inicial de presentación do proxecto. Onde se darán a coñecer as actividades, o persoal que levará a cabo as accións e a finalidade das mesmas. Duración estimada de hora e media, a realizar en instalacións municipais. As persoas interesadas poderán cumprimentar unha ficha inicial, con datos básicos e facilitaráselle modelo de informe médico a aportar na fase de valoración.

2. COÑECÉNDONOS:

- Para o inicio das actividades será preciso aportar un informe médico facilitado pola entidade, ben na xornada inicial, no propio centro ou a través dos Servizos Sociais do Concello. Tamén será preciso aportar copia de DNI do usuario e coidador, así como, da tarxeta sanitaria, para identificación dos usuarios e actuacións ante posibles urxencias sanitarias.
- Valoración inicial físico/funcional do usuario: anamnese das constantes vitais e antropométricas, posibles signos dolorosos ou molestias e problemáticas músculo-esqueléticas.
- Valoración inicial cognitiva do usuario: a través dunha entrevista



individualizada e personalizada, aplicárase o Test de Lobo.

- Valoración inicial do coidador: a través dunha entrevista individualizada e personalizada, aplicárase a Escala Zarit.

As valoracións levaranse a cabo nas instalacións da Asociación por parte do persoal implicado neste Proxecto.

3. ACTIVA A TÚA MENTE: Obradoiro de memoria.

Con este obradoiro poremos en marcha unha serie de técnicas de psicoestimulación e introduciremos un variado abano de estratexias moi útiles para manter e mellorar a autonomía do grupo de persoas coa enfermidade de Alzheimer en fase leve e/ou con deterioro cognitivo leve.

Co mesmo pretendemos potenciar a concienciación temporal, espacial e histórica, favorecer a comunicación, fomentar uns hábitos de participación activa, mellorar a autoestima e xerar un estado anímico positivo constante.

As áreas principais de traballo serán: a orientación (espacial, temporal e persoal), a linguaxe (afasias), os movementos (praxias), o recoñecemento (gnosias), o esquema corporal, o cálculo e as funcións executivas.

4. ACTIVA O TEU CORPO: Obradoiro de actividade física.

O obradoiro de actividade física ten como finalidade manter ou aumentar a capacidade física, psíquica e motora e así, acadar un bo estado físico y mental.


Nas sesións tratamos o corpo dende distintas áreas ou momentos, levando a cabo exercicios de mobilización, flexibilidade, tonificación, coordinación, respiración, hixiene da postura, marcha, xogos e exercicios de relaxación.

Na medida do posible realizaranse actividades ao aire libre levando a cabo andainas e utilizando os parques biosaudables ubicados en distintas zonas do pobo.

Con isto, esperamos mellorar o seu grado de autonomía, a súa autoestima, mellorar o seu ton corporal e co fin último e fundamental de afianzar a práctica de exercicio físico nas súas vidas.

5. Conta con APALC: Información, asesoramento e atención ao usuario e/ou coidador

Ao longo de todo o proxecto levaranse a cabo distintas accións de asesoramento e



información sempre que o usuario e/ou coidador o requirise, a través dos distintos profesionais que conforman APALC.

Calquera xestión de asesoramento será solicitada á traballadora social do centro, que será a encargada de derivar ao profesional competente.

Posibles liñas de asesoramento e orientación profesional:

- de recursos sociais e derivación a organismos correspondentes.
- de axudas técnicas (material de incontinencia, xeolocalización, adaptacións funcionais...)
- de manexo de situacións conflictivas ou condutas disruptivas.
- médico-sanitario en base ao estudo inicial, posibles liñas de orientación e pautas de actuación.
- mobilizacións e transferencias.
- Calquera outro tipo de asesoramento que poida ser proporcionado polos profesionais de APALC


Por outra banda, en relación ao coidador, realizaranse intervencións de carácter individualizado para ofrecer ferramentas e pautas de actuación coa persoa con Alzheimer así como intervencións biopsicosociais para a mellora integral do coidador e o seu familiar.

6. AVALIANDO: Seguímentos e avaliación final.

Durante o desenvolvemento do proxecto e das actividades realizaranse os seguímentos que os profesionais consideren oportunos, en relación á evolución, incidencias ou outros aspectos relevantes e concernentes a cada usuario.

Nas últimas sesións e de maneira paulatina irase realizando unha avaliación final, onde se volverán a aplicar as escalas iniciais, onde se realizará unha nova anamnese, e unha enquisa de satisfacción, todo elo, para establecer un estudo comparativo e uns resultados finais.

Para elo, deséñase unha ficha persoal ACTÍVATE, onde se recollen datos persoais, resultados das escalas e controles, nivel de dolor e mobilización articular. Tamén quedarán contemplados os seguímentos, as actuacións a nivel de asesoramento e a participación do usuario nas distintas actividades.



Esta ficha será a ferramenta que nos serva de recollida de datos e posterior análise dos mesmos. Nesta mesma ficha quedará contemplada unha cláusula de protección de datos e de imaxes (asinada polo usuario e coizador)

7. ACTIVA-DOS: Xornada final e entrega de diplomas

A través desta xornada, que terá unha duración estimada de hora e media e se realizará en instalacións municipais, preténdese dar por concluído o proxecto e ofrecer unha análise:

- da evolución do proxecto (participación, material, tempo, recursos...)
 - comparativo dos resultados iniciais e finais das escalas e controles realizados.
 - das enquisas de satisfacción realizadas aos usuarios e coizadores.
- Finalmente, realizarase un coloquio, como conclusión final, aberto á participación dos usuarios e coizadores. Entregarase aos participante un diploma de asistencia.

EQUIPAMENTO


Para o obradoiro de memoria elaboraranse cadernos nos que estarán reflectidos os distintos contidos a tratar ao longo das xornadas tales como memoria, linguaxe, cálculo, gnoxias, praxias, etc. Tamén se lles aportará material para que poidan levar a cabo as distintas actividades: lapis, goma, cores, cartolinas, tesoiras, cola. Cando proceda usaranse distintos medios audiovisuais como ordenador, televisión, cadea musical...

Para o obradoiro de actividade física utilizarase variado material de ximnasia como poden ser colchóns, pelotas, aros, picas, gomas, paracaídas, etc.

INSTALACIÓNS

A meirande parte das actividades levaranse a cabo nas instalacións de APALC (aulas, xardín...) podendo facer uso das instalacións municipais do Concello de Lalín para realizar algunha delas.

Tamén se usarán espazos urbanos, as zonas verdes e os parques biosaudables da vila.



CONCELLO DE LALÍN
www.lalin.gal

DIFUSIÓN

Desde APALC; o proxecto será dado a coñecer, a través dos distintos medios de comunicación, na páxina web e no facebook da entidade, onde se irá informando das distintas actividades a realizar.

Realizaranse trípticos e carteis publicando o proxecto para distribuír en puntos estratéxicos do Concello.

No documentación publicada farase sempre mención ao Concello de Lalín , como entidade pública xestora do convenio do proxecto.